



DONA CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO, SECRETARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (A CORUÑA), CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación deste Concello, en sesión extraordinaria e urxente que celebrou en data vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un, adoptou entre outros o seguinte ACORDO:

3º.- APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 14 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (A CORUÑA) PARA DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL

Proposta:

“Vista a necesidade de efectuar a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Valdoviño para a delimitación do solo de núcleo rural.

Vista a documentación elaborada para este fin presentada polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación de A Coruña asinado en data 22 de xullo de 2021, emendada en data 15 de novembro de 2021.

Considerando o informe do arquitecto municipal emitido en data 22 de novembro de 2021 e o informe xurídico da mesma data, ámbolos dous favorables para a súa tramitación.

Visto o disposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo que resulta a competencia do pleno municipal.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº 14 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Valdoviño para a delimitación do solo de núcleo rural.

SEGUNDO.- En virtude do disposto polo artigo 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia e artigo 144 do regulamento da Lei 2/2016, o expediente de referencia sométese a información pública polo prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte a publicación no DOG e publicarase tamén en dous dos xornais de maior difusión da provincia.

TERCEIRO.- Notificar individualmente as persoas titulares catastrais dos terreos respecto dos cales se proxecta unha modificación na súa clasificación urbanística.

CUARTO.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e,

en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. A suspensión será de aplicación nos seguintes casos:

- a) Parcelacións de terreos.
- b) Reforma con ampliación de volume.
- c) Nova edificación de solares vacantes ou con demolición ou baleirado.
- d) Nova edificación en parcelas ocupadas por edificios existentes.

QUINTO.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo.

En Valdoviño, a 24 de novembro de 2021
O alcalde, Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12 votos dos 13 membros que a compoñen), acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

Votos dos grupos municipais, PsdeG-PSOE, PP e CENVAL.

E para que así conste e produza os debidos efectos no expediente da súa razón, en cumprimento do disposto no artigo 3.2f) do RD 128/2018 de 16 de marzo, e nos artigos 204 e 205 do ROF expido a presente Certificación en Valdoviño co Visto e Prace do Sr. alcalde e coa salvedade do artigo 206 do texto regulamentario citado .

Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde